

COMPETICIÓN DE WEBSERIES CIP15

Convocatoria de presentación de webseries a competición da II Edición do Festival de Contidos Dixitais CARBALLO INTERPLAY que terá lugar do 16 ao 18 de Abril no Concello de Carballo (Galicia).

CONDICIÓN XERAIS

Poderán inscribirse webseries dende data de lanzamento destas bases **ata o 2 de Marzo de 2015**.

A inscrición farase desde a web do festival cubrindo debidamente o **formulario de inscrición online**.

Poderán presentarse a concurso aquelas webseries **producidas entre os anos 2013 e 2015** que teñan un **mínimo de 3 capítulos** emitidos no momento de inscrición. Os episodios inscritos poden ser de calquera duración, temática, xénero, de imaxe real ou animación, **nacionais ou internacionais**.

SELECCIÓN

De resultar seleccionada a organización contactará co/as creadores/as da webserie para solicitar o envío dos capítulos en boa resolución a través de WeTransfer, ou servizo similar unha captura de vídeo dun minuto e outro materiais promocionais (fotogramas, cartel...).

Os traballos que entren a concurso **deberán estar subtitulados ao galego ou castelán** no caso de non ser a versión orixinal en calquera destes dous idiomas.

XURADO

O xurado estará composto por diferentes profesionais do mundo das webseries, do audiovisual e da cultura, así como de representantes de asociacións profesionais relacionadas co sector.

Os membros do xurado daranse a coñecer a través da páxina web do festival. A decisión do xurado é inapelable.

PREMIOS

Os premios outorgados serán os seguintes:

MELLOR WEBSERIE IMAXE REAL // 800 euros e trofeo
MELLOR WEBSERIE ANIMACIÓN // 800 euros e trofeo
MELLOR WEBSERIE INTERNACIONAL // 800 euros e trofeo
MELLOR WEBSERIE VO GALEGO // 800 euros e trofeo
PREMIO DO PÚBLICO // 400 euros e trofeo
PREMIO AGAG MELLOR GUIÓN // 200 euros e trofeo
MELLOR ACTRIZ // trofeo
MELLOR ACTOR // trofeo

Os trofeos serán obras orixinais do artista plástico David Méndez Alonso creadas exclusivamente para o festival.

As webseries producidas en Galicia poderán optar aos dous premios de Mellor Webserie e Mellor Webserie VO Galego. En todo caso só poderán optar ao premio á MELLOR WEBSERIE VO GALEGO aqueles traballos cuxa **versión orixinal sexa en lingua galega**. A organización resérvase o dereito a deixar deserto o premio en caso de que non concorran a concurso un mínimo de tres webseries no devandito idioma.

As webseries producidas fóra de España só poderán optar ao premio de MELLOR WEBSERIE INTERNACIONAL.

En caso de que o xurado decida que dúas webseries resultan premiadas na mesma categoría a dotación económica repartirase a partes iguais entre as gañadoras.

O público asistente ás proxeccións elixirá o premio do público mediante un sistema de votación por papeletas.

Os premios estarán suxeitos ás posibles retencións fiscais que a lei estableza.

Ningún dos organizadores do festival poderán presentar traballos, en caso de telos, a concurso.

Os/as creadores/as das webseries premiadas ou algún representante das mesmas deberán estar presentes na entrega de premios que terá lugar o **sábado 18 de abril**. O festival comunicará a decisión con tempo abondo para organizar a asistencia e farase cargo dos gastos de aloxamento dos/as premiados/as.

COMUNICACIÓN

O festival resérvase o dereito de tomar unha mostra das webseries seleccionadas para usar no tráiler oficial, ademais do dereito sobre o uso dos materiais (fotogramas/fotografías/cartel, etc.) para a promoción (programa impreso, cartel, prensa, internet, redes sociais, etc.) deste.

DEREITOS DE EXHIBICIÓN

O festival presupón que os/as titulares das webseries presentadas ostentan todos os dereitos de exhibición e promoción das obras e materiais presentados e declina calquera responsabilidade respecto á infracción desta norma. Ao enviar os materiais a concurso os/as titulares/as están de acordo en ser os/as propietarios/as e a estar autorizados a utilizar todos os dereitos sobre a música, vídeo e efectos que figuran na webserie. O festival non se fará responsable das reclamacións que xurdan do incumprimento do creador/a ou produtora que presente a webserie de non posuír axeitadamente os dereitos sobre o material que envíe.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN

A solicitude de inscrición para participar na II edición do CARBALLO INTERPLAY implican a aceptación destas bases.